ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte.2196/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de novembro de 2026

ASISTENTES:	**NON ASISTEN:**
Membros :	
D. Abel Caballero Álvarez	D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Mª Carmen Silva Rego	
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira	
Dª Elena Espinosa Mangana	
Dª Mª José Caride Estévez	
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga	
D. Angel Rivas González	
Dª Yolanda Aguiar Castro	
Dª Patricia Rodríguez Calviño	

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día seis de novembro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(963).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(964).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DE LICENZAS "ZIMBRA COLLABORATION SUITE EDICIÓN PROFESSIONAL" E SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO "ZIMBRA". EXPTE. 10938/113.
Visto o informe de fiscalización de data 29/10/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2026 14:25	Páxina 1 de 157
2196-1102 Aprobado por XGL 13/06/2026	CSV: A5BC25-8123D7-B8ECA2-L6PY9B-C83CMH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de licenzas “Zimbra Collaboration Suite Edición Professional” e soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra” (10938-113) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento de licenzas “Zimbra Collaboration Suite Edición Professional” e soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra” (10938-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de agosto de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento de licencias “Zimbra Collaboration suite version 10” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra” coas ferramentas de colaboración e seguridade integradas, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática o 17/04/2026 e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 20/04/2026.

- Memoria económica do contrato de data 14/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 25/05/2026 asinados pola Técnica de Contabilidade.

- Memoria xustificativa do contrato de data 26/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/07/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Técnica de Administración Xeral de Contratación co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 31/07/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 67.666,15 €, que inclúe un IVE de 11.743,71 €, dende o 1 de outubro de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Arrendamento equ. Informáticos e software	9207.2060000	49.563,26	10.408,28	59.971,54
2026	Mantemento software	9207.2279902	6.359,18	1.335,43	7.694,61
TOTAL			55.922,44	11.743,71	67.666,15

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente os gasto de 295.333,85 €, que inclúe un IVE de 51.256,29 €, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Arrendamento equ. Informáticos e software	9207.2060000	49.563,26	10.408,28	59.971,54
2027	Mantemento software	9207.2279902	25.436,74	5.341,72	30.778,46
2028	Arrendamento equ. Informáticos e software	9207.2060000	49.563,26	10.408,28	59.971,54
2028	Mantemento software	9207.2279902	25.436,74	5.341,72	30.778,46
2029	Arrendamento equ. Informáticos e software	9207.2060000	49.563,26	10.408,28	59.971,54
2029	Mantemento software	9207.2279902	25.436,74	5.341,72	30.778,46

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2030	Mantemento software	9207.2279902	19.077,56	4.006,29	23.083,85
TOTAL			244.077,56	51.256,29	295.333,85

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 24 de setembro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do mantemento de licenzas "Zimbra Collaboration Suite Edición Professional" e soporte do sistema de correo electrónico corporativo "Zimbra" (10938-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUER SYSTEM INFORMATICA, SL	90,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMATICA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMATICA, SL, o día 24 de setembro de 2026, que presenta a documentación requirida o 1 de outubro de 2026, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación que na sesión que tivo lugar o 15 de outubro de 2026, revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMATICA, SL, e acordou conceder 3 días naturais ao mesmo para que puidese emendala, concretamente os Anexos IV e V do PCAP, a acreditación da solvencia económica e financeira e a acreditación da solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación correctamente e en prazo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada xunto a que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora onde figuran os estatutos co obxecto social e o nomeamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (63.525,00 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (63.525,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 14.654,00 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de outubro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUER SYSTEM INFORMATICA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUER SYSTEM INFORMATICA, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 21 de setembro de 2026, aceptado pola Mesa na súa sesión do día 24 do mesmo mes e co acordo da Mesa de Contratación, de data 24 de setembro, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a QUER SYSTEM INFORMATICA, SL o procedemento aberto para a contratación do mantemento de licenzas "Zimbra Collaboration Suite Edición Professional" e soporte do sistema de correo electrónico corporativo "Zimbra" (10938-113) por un prezo total do contrato de 354.626,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.546,80 euros e coas seguintes condicións:

a) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios para o caso de modificación do contrato recollidos no apartado 3G do Anexco I -FEC- é do 5 %.

b) Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(965).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NO NADAL. EXP-TE./ 11710/106.

Visto o informe de fiscalización de data 02/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mixta por procedemento aberto da iluminación decorativa da Cidade de Vigo no Nadal (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación mixta por procedemento aberto da iluminación decorativa da Cidade de Vigo no Nadal (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente da contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo no Nadal (expediente nº 9274-106), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 13 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total do contrato é de 9.440.147,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.638.372,77 euros.*

b) *Incrementa o número de arcos modelo ARC-04 en 100 unidades.*

c) *Incrementa o número de motivos modelo MOT-02 en 125 unidades.*

d) *Incrementa a iluminación en árbores modelo ARB-03 existentes distribuídos en distintos puntos da cidade en 100 unidades.*

e) *Comprométese a achegar un elemento 3D dunha altura mínima de 8m e un volume mínimo de 128 m^3.*

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

f) *Comprométese a achegar 83 arcos eficientes que reduzan a dispersión do fluxo luminoso das lámpadas Led instaladas, coa conseguinte redución da contaminación lumínica.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

1.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 7 de novembro de 2023 e a execución do contrato iniciouse o mesmo día, por un prazo de 4 anos, estando prevista unha prórroga dun ano de duración.

Cuarto.- Para responder do cumprimento deste contrato ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA, constituíu garantía definitiva mediante seguro de caución por importe de 390.088,76 euros (operación nº 202300170286 de data 20 de setembro de 2023).

Quinto.- O xefe do Servizo de Comercio, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda en data 1 de outubro de 2026, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato.

Sexto.- Con data 1 de outubro de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de 5 de outubro de 2026.

Oitavo.- Detectados erros materiais nos prezos unitarios, o servizo xestor emite un informe complementario en data 8 de outubro de 2026.

Noveno.- Evacuouse un novo trámite de audiencia ao contratista da proposta de modificación tras a corrección de erros realizada. Este manifestou a súa conformidade en escrito de data 9 de outubro de 2026.

Décimo.- Detectado un erro na porcentaxe da modificación, o servizo xestor emite un segundo informe complementario en data 26 de outubro de 2026. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifesta a súa conformidade en escrito de 28 de outubro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-
Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

a) Prestacións adicionais.

Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.

2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

-III-

Da modificación do contrato mixto da iluminación decorativa da Cidade de Vigo no Nadal

O contrato que se pretende modificar é un contrato mixto de servizos e subministros que ten por obxecto "*a redacción do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas, prazas, e espazos comerciais da Cidade durante as festas do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 e o subministro en réxime de aluguer dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento, reparación, reposición ou substitución se procede, durante o período do Nadal e desmonte da instalación proposta pola empresa adxudicataria dos elementos lumínicos ornamentais*" (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

A modificación é proposta pola xefe do Servizo de Comercio, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, en informe de data 1 de outubro de 2026. Do referido informe despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.
Comezaremos por analizar a **concorrencia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi:**

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e, no seu caso, as recollidas no prego que rexe o contrato.

1.- A concorrencia dunha razón de interese público
A modificación, tal e como se deduce do informe do servizo xestor, obedece a unha razón de interese público que se concreta en reforzar a capacidade de atracción comercial de determinados ámbitos urbanos mediante a instalación de iluminación navideña. Efectivamente, o citado informe dí que (apartado 2.3.):

> *"Para dinamizar determinadas novas zonas da cidade onde existe unha elevada concentración de pequenos negocios e establecementos comerciais e de servizos de carácter individual, pretendese ampliar a iluminación conforme ao previsto na cláusula 15 a) das FEC.*
> *O proxecto inicial deixa zonas comerciais parcialmente ornamentadas, coa modificación preténdese completar itinerarios comerciais e eliminar descontinuidades entre rúas ornamentadas e rúas comerciais sen decoración.*
> *A presente proposta de ampliación fundaméntase tamén na necesidade de consolidar e expandir o apoio institucional ao comercio de proximidade. O obxectivo é estender a área de influencia estética e luminosa máis alá do eixe central da cidade, cara aos barrios que conforman a verdadeira alma económica de Vigo polo que persigue un fin de interese público claramente vinculado ao obxecto do contrato: reforzala capacidade de atracción comercial de determinados ámbitos urbanos mediante o incremento de elementos ornamentais"*

As zonas a potenciar son As Travesas, a rúa Torrecedeira, O Calvario e Teis (apartado 3 do informe).

Esta ampliación persegue como obxectivos (apartado 4 do informe do servizo xestor):

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

"1. Descentralizar o fluxo de visitantes, reducindo a presión na zona centro da cidade, evitando grandes aglomeracións, a saturación do transporte e dos servizos e minimizando o impacto negativo nos residentes.

2. Impulsar e protexer o comercio de barrio. Deste xeito, redistribuirase o impacto económico, evitando que a zona centro sexa a que concentre a maior parte do consumo. Considérase vital non deixar á deriva o comercio de proximidade que naceu e medrou arredor das prazas. A iluminación funciona como un "fío condutor" que guía ao cliente cara ao establecemento comercial.

3. Equilibrio territorial e cohesión urbana, reforzando a marca cidade e o seu carácter policéntrico. A veciñanza implícase nun proxecto común, "Vigo, onde vive o Nadal", que achega maior visibilidade aos seus barrios. Deste xeito, recoñécese a importancia singular de cada zona, xerando unha atmosfera de seguridade e confort, que convida ao paseo e ao consumo fóra do eixe saturado do centro.

4.Potenciación das arterias de comunicación. As rúas que conectan as parroquias cos epicentros dos barrios son vías de comunicación esenciais. Unha decoración adecuada fomenta o paso de potenciais clientes, xa sexa a pé ou en vehículo, aumentando exponencialmente a visibilidade dos negocios locais.

5. Fomento da estratexia comercial e turística. Un maior percorrido lumínico para os visitantes, favorece un maior tempo de estancia cun consecuente gasto en hostalería e aloxamento" (páxinas 2 e 3 do informe técnico).

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato e a regula no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP:

"15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR:

a) Incremento de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos si se producen as circunstancias previstas nos números 1 a 5 do apartado seguinte.
b) Substitución ou modificación de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos, si se producen as circunstancias previstas no número 6 do apartado seguinte.

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

1. *Dinamización comercial ou necesidade de potenciar o desenvolvemento urbano, social e económico da cidade con iluminación navideña en novas zonas da cidade non incluídas no presente contrato.*
2. *Humanización de novas rúas e/ou zonas en zonas comerciais.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

3. *Transformación da rúa e/ou zona en peonil.*
4. *Novos edificios institucionais ou novos elementos significativos escultóricos e arquitectónicos ou os seus accesos.*
5. *Realización dalgún acto ou evento extraordinario ou programación de actividades relacionadas co nadal, non programados con anterioridade a formalización do contrato, durante o período do nadal.*
6. *Implantación de novas tecnoloxías, sempre e cando estas circunstancias se produzan con posterioridade a formalización deste contrato, que melloren a tecnoloxía existente en algún dos seguintes conceptos:*

   - *Eficiencia enerxética. Coa correspondente redución de consumo eléctrico e por conseguinte a redución dos gases de efecto invernadoiro.*
   - *Mellora nos procesos de fabricación dos elementos decorativos. O que conleva a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.*
   - *Redución da contaminación lumínica. Coa conseguinte mellora da calidade de vida nocturna dos cidadáns e da seguridade no tráfico rodado*

Estas circunstancias, para que motiven a modificación do contrato, deberán ser obxectivas e constatables, e producirse con posterioridade a formalización deste contrato, debendo acreditarse no correspondente expediente de modificación.

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20%

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN: para o cálculo da modificación utilizaranse os prezos unitarios recollidos no anexo VI a este prego, aos que se aplicará a baixa ofertada polo adxudicatario"

2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivada pola necesidade de "*reforzala capacidade de atracción comercial de determinados ámbitos urbanos mediante o incremento de elementos ornamentais*" (páxina 5 do informe técnico), que tería encaixe no apartado 15.C).1 da FEC do PCAP "*Dinamización comercial ou necesidade de potenciar o desenvolvemento urbano, social e económico da cidade con iluminación navideña en novas zonas da cidade non incluídas no presente contrato".*

Prevé o prego respecto das circunstancias que *"para que motiven a modificación do contrato, deberán ser obxectivas e constatables, e producirse con posterioridade a formalización deste contrato, debendo acreditarse no correspondente expediente de modificación".*

Xustifica estes extremos o informe técnico:

- Fundaméntase "*en datos municipais verificables, como a disminución do número de locais comerciais en novas zonas non incluídas no contrato inicial.*" (páxina 16).
  Efectivamente, neste expediente constan varios informes do enxeñeiro técnico e a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada sobre datos tributarios relativos a actividades comerciais desenvolvidas nas zonas de posible ampliación do "proxecto decorativo de iluminación nadal". O primeiro, de data 27 de febreiro de 2026, inclúe Cabral, Teis, Torrecedeira e Traviesas-Coia. O segundo, de data 6 de marzo, inclúe Calvario e Navia. O terceiro de data 25 de setembro recolle unha análise da actividade comercial nas citadas zonas entre os anos 2020 e 2026. Tal e como indica o responsable do contrato:
  "para a análise comparativa optouse por tomar como referencia os datos dispoñibles de 2020 e os correspondentes ao inicio do contrato en 2023 e, posteriormente, os datos dos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026, que permiten apreciar a evolución da actividade unha vez iniciado o contrato e valorar a persistencia ou modificación das tendencias observadas. Deste xeito, evítase que a excepcionalidade do período afectado pola pandemia distorsione a análise e permite centrar a valoración na evolución efectiva da actividade comercial antes do inicio do contrato e durante o período posterior ao mesmo. Da información facilitado por Dirección de Ingresos (Doc: 260263499) observase zonas como Navia onde non apreciase unha diminución da actividade e outras como As Travesas, Torrecedeira, Calvario e Teis cunha evolución desfavorable do número de actividades económicas activas nas principais zonas analizadas. (páxinas 7 e 8) (...) Esta evolución constitúe un indicador obxectivo que debe ser tido en consideración na definición das políticas municipais de dinamización comercial. A redución do número de actividades económicas activas evidencia a existencia de zonas nas que resulta necesario reforzar as medidas destinadas a favorecer a súa capacidade de atracción, xeración de fluxos de persoas e dinamización do espazo público." *(páxina 13)*
Así mesmo, constan informes das asociacións de comerciantes de Traviesas (AETRAVI - documento 260054757), de Teis (documento 260075702) e do Calvario (documentos 260061971 e 260073324).

- É sobrevida, tal e como indica o servizo xestor "*Trátase dunha necesidade non detectada nin prevista no momento do inicio do expediente de contratación, pero que resulta imprescindible para fortalecer a dinamización comercial deses barrios*." (páxina 13).

2.2.- Aspectos a modificar

O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o "*Incremento de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos si se producen as circunstancias previstas nos números 1 a 5 do apartado seguinte*" (apartado 15.B)a) da FEC).

O informe técnico enumera os espazos escollidos para mellorar a iluminación o ben mediante a iluminación de árbores ou ben con arcos e motivos (páxinas 2, 3 e 4 do informe complementario):

AMPLIACIÓN DE ILUMINACIÓN DE ÁRBOLES					
ÁMBITOS E AREAS DE INFLUENCIA	RUAS OU ESPAZOS PUBLICOS	**UD.**	**PREZO/UD**	**PREZO TOTAL**	**CÓDIGO**
Travesas	Praza Emigrante-Avd Castelao (zona de esparexamento)	35	313,43 €	10.969,88 €	ARB-10
Travesas	Manuel de castro NUEVO	12	447,75 €	5.373,00 €	ARB-13
Travesas	Estadio Balaídos NUEVO	5	149,25 €	746,25 €	ARB-02
Calvario	Pizarro (ampliación)	10	248,75 €	2.487,50 €	ARB-06
Calvario	Plaza Isabel La Catolica (ampliación)	4	248,75 €	995,00 €	ARB-05
Calvario	Alcalde Gregorio Espino, Avda. (sobre tunel en cruce con San roque)	4	149,25 €	597,00 €	ARB-02
Calvario	Alcalde Gregorio Espino, Avda. (Plaza de las palmeras)	30	248,75 €	7.462,50 €	ARB-05
Calvario	Genaro de la Fuente, rua (ampliación)	4	149,25 €	597,00 €	ARB-01
Calvario	Plaza Maria do Carmo Kruchemberg (olivo + camelios rotonda)	5	248,75 €	1.243,75 €	ARB-05
Calvario	Urzaiz (Delante Mercado)	4	447,75 €	1.791,00 €	ARB-13
Teis	Sanjurjo Badia, rua (ampliación)	6	149,25 €	895,50 €	ARB-02
	TOTAIS	**119**		**33.158,38 €**	

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2196/1102

AMPLIACIÓN DE ILUMINACIÓN CON ARCOS E MOTIVOS						
ÁMBITOS E AREAS DE INFLUENCIA	RUAS OU ESPAZOS PUBLICOS	**+ ARCOS**	**+ MOTIVOS**	**PREZO/UD**	**PREZO TOTAL**	**CÓDIGO**
Travesas	Tranviarios, rua	2	0	223,88 €	447,75 €	ARC-03
Travesas	Angel Llanos, rua	0	2	169,15 €	338,30 €	MOT-01
Travesas	Arbo, rua	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02
Travesas	Baiona, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Bueu, rua	0	13	203,98 €	2.651,68 €	MOT-02
Travesas	Caleira, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Cangas, rua	0	12	203,98 €	2.447,70 €	MOT-02
Travesas	Cangas, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Dario DuráN, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Eugenio Albones, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Fotografo Jose Gil, rua	0	2	203,98 €	407,95 €	MOT-02
Travesas	Garda, rua	0	13	203,98 €	2.651,68 €	MOT-02
Travesas	Grove, rua	0	14	203,98 €	2.855,65 €	MOT-02
Travesas	Luis Seoane, rua	0	3	169,15 €	507,45 €	MOT-01
Travesas	Manolo Martinez, rua (3 motivos en cada tramo)	0	6	169,15 €	1.014,90 €	MOT-01
Travesas	Marín, rua (entre Castelao y asc. Vecinos Travesas)	0	6	169,15 €	1.014,90 €	MOT-01
Travesas	Médico José Mato, rua	0	8	169,15 €	1.353,20 €	MOT-01
Travesas	Moaña, rua	0	8	169,15 €	1.353,20 €	MOT-01
Travesas	Mondariz, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Plaza da Miñoca (mellora)	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02
Travesas	Porriño, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Salvaterra, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Salceda de Caselas, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Travesas	Soutomaior, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Xaime Pacheco, rua	0	9	203,98 €	1.835,78 €	MOT-02
Torrecedeira	Juan Ramón Jimenez, rua	0	3	203,98 €	611,93 €	MOT-02
Torrecedeira	Marques de Valterra (entre Instituto Oceanografico a Severo ochoa)	0	16	203,98 €	3.263,60 €	MOT-02
Torrecedeira	Paz, rua (entre Jacinto Benavente y Tomas alonso)	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Torrecedeira	Severo Ochoa, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Calvario	Aguia, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Calvario	Gaivota, rua	0	10	203,98 €	2.039,75 €	MOT-02
Calvario	Faisán, rua (del nº1 al 15 entre Rua Ruiseñor y Fernando Lago Olano)	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Calvario	Xilgaro, rua	0	10	203,98 €	2.039,75 €	MOT-02
Teis	Mestre Chané, rua	0	12	203,98 €	2.447,70 €	MOT-02
Teis	Mestre Montes, rua	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02

S.ord. 06/11/2026

Teis	Bailén, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Teis	Iglesia San Salvador de Teis (contorno iglesia)	2	0	263,68 €	527,35 €	ARC-04
Teis	Montecelo, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
	TOTAIS	**4**	**260**		**52.859,38 €**	

Hai que ter en conta que o prego recolle como especialidades do procedemento de modificación que "para o cálculo da modificación utilizaranse os prezos unitarios recollidos no anexo VI a este prego, aos que se aplicará a baixa ofertada polo adxudicatario" (apartado 15.E da FEC). Tal e como indica o responsable do contrato no informe complementario, a baixa ofertada é de 0,50%.

Esta modificación implica o incremento do prezo do contrato en 104.081,48 euros.

Este incremento aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 4310.2279900 "Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal" / 4310 2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN NADAL", imputándose ás seguintes anualidades:

ANUALIDADES	
Ano 2026 – 80%	83.265,18 €
Ano 2027 – 20%	20.816,30 €
Total c/IVE	**104.081,48 €**

2.3.- Límites da modificación

O apartado 15.D) das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato. A modificación prevista implica un incremento do prezo de 104.081,48 euros, que representa o 1,10% do mesmo, polo que está dentro deste límite.

Podemos concluír, a xuízo da informante e ao fío do exposto que a modificación proposta polo servizo xestor reúne todos os requisitos legais:

- A concorrencia dunha razón de interese público: a necesidade de reforzar o comercio en determinadas zonas da cidade nas que está descendendo a actividade comercial e se están pechando establecementos (As Travesas, a rúa Torrecedeira, O Calvario e Teis).
- A modificación cumpre cos requisitos do artigo 204 da LCSP e do apartado 15 das FEC do PCAP.
- A circunstancia que motiva a modificación e a necesidade de dinamización comercial das citadas zonas.
- O aspecto a modificar e o incremento de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos da iluminación de nadal nestas zonas.
- A modificación representa un 1,10% do prezo do contrato, polo que se atopa dentro do límite legal e do previsto no PCAP (20%).

-IV-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2196/1102

Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

1) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos artigo 207.2 LCSP).

   Neste caso non procede por tratarse dun contrato mixto de subministro e servizos.

2) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

   Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escritos de 5, 9 e 28 de outubro de 2026.

3) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

   Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (9.487.585,80 euros), se trata dunha modificación prevista no PCAP.

4) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .

5) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).

6) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).

7) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.

8) Publicación.

   Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

   Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como no caso que nos ocupa, coa excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, deberá publicarse anuncio de modificación no “Diario Oficial da Unión Europea”.

S.ord. 06/11/2026

9) Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

No presente caso, é necesaria a comunicación ao Consello de Contas.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do "*si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE)*", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 4.300,89 euros.

-VI-

Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

(apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- Modificar o contrato mixto da iluminación decorativa da Cidade de Vigo no Nadal (expediente nº 9.274-106), adxudicado a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA, por acordo deste órgano do 13 de outubro de 2023, segundo o solicitado no informe do xefe do Servizo de Comercio, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de data 1 de outubro de 2026 e no informe complementario de 8 de outubro.

2º.- A modificación implica un incremento de arcos e motivos, e ornamentación nas árbores das seguintes rúas:

AMPLIACIÓN DE ILUMINACIÓN DE ÁRBOLES					
ÁMBITOS E AREAS DE IN-FLUENCIA	RUAS OU ESPAZOS PUBLICOS	UD.	PREZO/UD	PREZO TOTAL	CÓDIGO
Travesas	Praza Emigrante-Avd Castelao (zona de espa-rexamento)	35	313,43 €	10.969,88 €	ARB-10
Travesas	Manuel de castro NUEVO	12	447,75 €	5.373,00 €	ARB-13
Travesas	Estadio Balaídos NUEVO	5	149,25 €	746,25 €	ARB-02
Calvario	Pizarro (ampliación)	10	248,75 €	2.487,50 €	ARB-06
Calvario	Plaza Isabel La Catolica (ampliación)	4	248,75 €	995,00 €	ARB-05
Calvario	Alcalde Gregorio Espino, Avda. (sobre tunel en cruce con San roque)	4	149,25 €	597,00 €	ARB-02
Calvario	Alcalde Gregorio Espino, Avda. (Plaza de las palmeras)	30	248,75 €	7.462,50 €	ARB-05
Calvario	Genaro de la Fuente, rua (ampliación)	4	149,25 €	597,00 €	ARB-01
Calvario	Plaza Maria do Carmo Kruchemberg (olivo + ca-melios rotonda)	5	248,75 €	1.243,75 €	ARB-05
Calvario	Urzaiz (Delante Mercado)	4	447,75 €	1.791,00 €	ARB-13
Teis	Sanjurjo Badia, rua (ampliación)	6	149,25 €	895,50 €	ARB-02
	TOTAIS	119		33.158,38 €	

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

AMPLIACIÓN DE ILUMINACIÓN CON ARCOS E MOTIVOS						
ÁMBITOS E AREAS DE INFLUENCIA	RUAS OU ESPAZOS PUBLICOS	+ ARCOS	+ MOTIVOS	PREZO/UD	PREZO TOTAL	CÓDIGO
Travesas	Tranviarios, rua	2	0	223,88 €	447,75 €	ARC-03
Travesas	Angel Llanos, rua	0	2	169,15 €	338,30 €	MOT-01
Travesas	Arbo, rua	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02
Travesas	Baiona, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Bueu, rua	0	13	203,98 €	2.651,68 €	MOT-02
Travesas	Caleira, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Cangas, rua	0	12	203,98 €	2.447,70 €	MOT-02
Travesas	Cangas, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Dario DuráN, rua	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Travesas	Eugenio Albones, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Fotografo Jose Gil, rua	0	2	203,98 €	407,95 €	MOT-02
Travesas	Garda, rua	0	13	203,98 €	2.651,68 €	MOT-02
Travesas	Grove, rua	0	14	203,98 €	2.855,65 €	MOT-02
Travesas	Luis Seoane, rua	0	3	169,15 €	507,45 €	MOT-01
Travesas	Manolo Martinez, rua (3 motivos en cada tramo)	0	6	169,15 €	1.014,90 €	MOT-01
Travesas	Marín, rua (entre Castelao y asc. Vecinos Travesas)	0	6	169,15 €	1.014,90 €	MOT-01
Travesas	Médico José Mato, rua	0	8	169,15 €	1.353,20 €	MOT-01
Travesas	Moaña, rua	0	8	169,15 €	1.353,20 €	MOT-01
Travesas	Mondariz, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Plaza da Miñoca (mellora)	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02
Travesas	Porriño, rua	0	8	203,98 €	1.631,80 €	MOT-02
Travesas	Salvaterra, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Salceda de Caselas, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Travesas	Soutomaior, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Travesas	Xaime Pacheco, rua	0	9	203,98 €	1.835,78 €	MOT-02
Torrecedeira	Juan Ramón Jimenez, rua	0	3	203,98 €	611,93 €	MOT-02
Torrecedeira	Marques de Valterra (entre Instituto Oceanografico a Severo ochoa)	0	16	203,98 €	3.263,60 €	MOT-02
Torrecedeira	Paz, rua (entre Jacinto Benavente y Tomas alonso)	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Torrecedeira	Severo Ochoa, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Calvario	Aguia, rua	0	7	203,98 €	1.427,83 €	MOT-02
Calvario	Gaivota, rua	0	10	203,98 €	2.039,75 €	MOT-02
Calvario	Faisán, rua (del nº1 al 15 entre Rua Ruiseñor y Fernando Lago Olano)	0	6	203,98 €	1.223,85 €	MOT-02
Calvario	Xilgaro, rua	0	10	203,98 €	2.039,75 €	MOT-02
Teis	Mestre Chané, rua	0	12	203,98 €	2.447,70 €	MOT-02

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

Teis	Mestre Montes, rua	0	4	203,98 €	815,90 €	MOT-02
Teis	Bailén, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
Teis	Iglesia San Salvador de Teis (contorno iglesia)	2	0	263,68 €	527,35 €	ARC-04
Teis	Montecelo, rua	0	5	203,98 €	1.019,88 €	MOT-02
	TOTAIS	4	260		52.859,38 €	

Isto implica o incremento do prezo en 104.081,48 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 4310.2279900 "Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal" / 4310 2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN NADAL", imputándose ás seguintes anualidades:

ANUALIDADES	
Ano 2026 – 80%	83.265,18 €
Ano 2027 – 20%	20.816,30 €
Total c/IVE	104.081,48 €

Esta modificación representa **un 1,10 %** *do prezo do contrato.*

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

6º.- Comunicar ao Consello de Contas".

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(966).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 8332/611.

Visto o informe xurídico de data 30/10/2026 e o informe de fiscalización do 2/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/10/2026, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 7 de agosto do 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 18 de marzo do 2026, modificado con datas 27 de abril de 2026.
- Declaración do/a(s) redactor/a(s) do prego de prescricións técnicas particulares de data 18 de agosto do 2026 e modificado o 9 de outubro de 2026
- **Memoria económica de data 11 de agosto do 2026, modificada o 13 de agosto e o 7 de outubro de 2026 que recolle:**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2 ñ do RLCAP).

- Informe de crédito de data 12 de agosto do 2026, da dirección superior contable e orzamentaria no que se informa favorablemente sobre a existencia de crédito na aplicación 3420/22700000 para o orzamento do ano 2027e posteriores ata o ano 2031, quedando diferida a emisión do documento contable de retención de crédito ao momento no que os créditos sexan executivos.
- **Memoria xustificativa de data14 de agosto do 2026, modificada o 28 de outubro de 2026 relativa aos seguintes extremos :**
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).

- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 28 de outubro de 2026.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data de 28 de outubro de 2026.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 8 de outubro de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servicios (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. (art. 156)

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP). As condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).
A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto **SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS, CRISTAIS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, PROCESOS DE TRATAMENTO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN, CONTEDORES HIXIÉNICOS E ILLAS ECOLÓXICAS".Expt.-8332-611**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 9 de outubro do 2026 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 28 de outubro do 2026.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **6.163.499,40 euros con ive** , sendo o IVE a soportar pola administración de **1.069.499,40 euros**

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

PERIODO	IMPORTE TOTAL / € CON IVE	APLICAC. ORZAMENTARIA
16/01/2027-31/12/2027	1.535.597,89	3420.2270000
2028	1.540.874,85	3420.2270000
2029	1.540.874,85	3420.2270000
2030	1.540.874,85	3420.2270000

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

2031	5.276,96	3420.2270000
Importe total anualidades	6.163.499,40	

O contrato financiarase con cargo as partida orzamentaria do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación se fose necesario.

3420.2270000	Limpeza	6.163.499,40

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(967).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ALUGUEIRO (RENTING) DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 22233/77.

Visto o informe xurídico do 30/10/2026 e o informe de fiscalización do 2711/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/10/2026, asinado pola instrutora do expediente e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. *"A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

"Adxudicar a AUTOS BREA, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77) por un prezo total de 70.422,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.222,00 euros, e coa seguinte condición:

a) Propón unha porcentaxe de desconto do 2 % a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

II. Con data 28/11/2023, a Concelleira de área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal asinou o contrato co representante da entidade mercantil AUTOS BREA, S.L.

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, contemplándose 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

O contrato foi formalizado con data 28/11/2023 iniciándose a súa execución o día seguinte (29/11/2023), polo que, o seu prazo finalizará o 28/11/2025.

III. A primeira prórroga de un (1) ano do contrato, tivo unha duración entre o 29/11/2025 – 28/11/2026.

IV. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga da segunda prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 29/11/2026 – 28/11/2027.

V. A través da notificación co número de saída 138045-2026-1 recibida o 01/10/2026, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2026 14:25	Páxina 27 de 157
2196-1102 Aprobado por XGL 13/06/2026	CSV: A5BC25-8123D7-B8ECA2-L6PY9B-C83CMH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
Así mesmo, o apartado 7.3 do PCAP dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
A través da notificación co número de saída 138045-2026-1, recibida o 01/10/2026, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (29/11/2023), con data 28/11/2023, o seu prazo finalizou o 28/11/2025.
En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevén dúas (2) prórrogas cun ano de duración cada unha. A primeira prorroga finalizará o vindeiro 28/11/2026. iniciarase a 2ª prorroga o 29/11/2026 e finalizando o 28/11/2027.

II. Na actualidade, o servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (1ª prorroga expte.21654/77) se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 35.211,00 € (IVE incluído) e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), quedando distribuído o prezo para o período 29/11/2026 - 28/11/2027, nas anualidades que se indican de seguido:

ANO 2026	**PREZO CON IVE**
29/11/2026 – 31/12/2026	3.129,87 €
ANO 2027	**PREZO CON IVE**
01/01/2027 – 28/11/2027 (MÁXIMO 10 MESES)	32.081,13 €
TOTAL CONTRATO	**PREZO CON IVE**
	35.211,00 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (expte. 19981/77).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

VII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) do 28 de xuño de 2024 e do 25/09/2025 e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

•

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza a segunda prórroga de UN ANO do contrato de servizo de aluguer (renting) de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (expte. 19981/77), adxudicado a **AUTOS BREA, S.L.** por acordo de Xunta de Goberno Local do 3 de novembro de 2023, para o período comprendido entre 29/11/2026 – 28/11/2027, polo importe de 35.211,00 € (IVE incluído), e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 35.211,00 €.

Aprobar o gasto do exercicio corrente 2026 por importe de 3.129,87 €, e asumir o compromiso de incluír nos orzamentos do exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 32.081,13 € no exercicio 2027.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(968).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 4524/341.
Visto o informe xurídico do 28/10/2026 e o informe de fiscalización do 30/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/10/2026, asinado polo xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.
–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
–Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data **9 de decembro de 2024** acordou (expte 3601-341):

1. "Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2024 de MAGMACULTURA por non acadar a puntuación mínima (22,5 puntos) esixida no criterio "Memoria Técnica e de organización do servizo.

Segundo.- Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, SA o procedemento aberto para a contratación do servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (3601-341) por un prezo total do contrato de 1.026.778,80 euros sendo a cota correspondente ao IVE de 178.201,28 euros e coas seguintes condicións:

a) *O prezo total da parte fixa do contrato é de 167.167,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.012,48 € euros.*

b) O prezo total da parte variable do contrato é de 859.611,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 149.188,80 euros.

c) A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios (hora diúrna e nocturna) recollidos no apartado 3.G) do Anexo I (FEC) do PCAP é de 11,03 %.

d) Comprométese á realización dun curso de, polo menos, 10 horas en materia de Atención ao público para o persoal a adscribir ao contrato.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

2. Con data 2 de xaneiro de 2025, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS SA cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 2 de xaneiro de 2025 (cláusula 4) .

3. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 260275338, de data 7 de outubro, D. Domingo Fernández Diz, con DNI: 44446748F, en calidade de Delegado Responsable do contrato, en nome e representación da mercantil *SERVICIOS SECURITAS S.A.* con NIF: A28986800, presta a súa conformidade á primeira prórroga do do contrato, cunha duración de un ano, **do 2 de xaneiro do 2027 ao 1 de xaneiro de 2028**.

4. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 21 de setembro de 2026, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura informa que a empresa *SERVICIOS SECURITAS SA* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Segundo o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 2 de xaneiro de 2025, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 2 de xaneiro de 2025, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 21 de setembro de 2026 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

"PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de atención ao público nas dependencias da Rede de Museos Municipais (expediente 3601/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de xaneiro de 2027 ao 1 de xaneiro de 2028.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **513.389,40 €** (cincocentos trece mil trescentos oitenta e nove euros con corenta céntimos)**, IVE engadido, dos que 429.805,83 € corresponden aos servizos de atención ao público e 83.583,57 € corresponden a servizos de coordinación**, **a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF.- A28986800),** con cargo á partida 3330.227.99.05 "Servizos de Atención ao Público", segundo o seguinte detalle de exercicios orzamentarios**:**

EXERCICIO 2027 (2 de xaneiro ao 31 de decembro): **511.963,31 €**

EXERCICIO 2028 (1 de xaneiro de 2028): **1.426,09 €**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2196/1102

7(969).- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA OTORGADA PARA A INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA AVDA CESAREO VAZQUEZ. EXPTE. 17988/240.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 02/11/2026, asinado polo xefe de Patrimonio e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novenbro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Ordenanza Municipal, de 29 de maio de 2006, Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos (OM).
- Acordo plenario de 7 de marzo do 1983 da adxudicación a Pablo Beiro Diz dunha concesion admistrativa para a instalación dun quiosco na Avda Cesareo Vazquez destinado a venta de prensa periódica con exclusión de outra actividade negocial.

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Da. A.M. Beiro Diz, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 13/10/2026, solicitou a baixa do quiosco de prensa sito na Avda Cesareo Vazquez n.º 169, polo falecemento de D. Pablo Beiro Diz.

En data 28/10/2026 presentase pola solicitante o certificado de defunción de D. Pablo Beiro Diz.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, por acordo do 15.12.2008 acordou:
Declarar exercido por Don Pablo Beiro Diz, titular de concesión administrativa por acordo do Pleno do Concello de 7 de marzo de 1983, para a explotación do quiosco situado na rúa Cesareo Vázquez número 128, o dereito de opción previsto na disposición adicional primeira da Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal coa instalación de quioscos, séndolle de aplicación esta a partir do presente acordo, salvo o prazo concesional que manterá o inicial previsto no acordo de adxudicación.

TERCEIRO.-REXIMEN XURÍDICO. A autorización administrativa otorgada rixese, en primeiro termo, pola Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos,excepto no que refírese ao prazo da concesión que rixese polo Acordo do Pleno do 7 de marzo do 1983 e, no non previsto neles, polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamento de Bens das Entidades Locales e polas ordenanzas, instruccións ou disposicións xe-

S.ord. 06/11/2026

rais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.

CUARTO.- CAUSAS DE EXTINCIÓN. Establecese na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, as causas de extinción da autorización administrativa, reflexando, no seu art. 28, os seguintes supostos:

a) Cumprimento do prazo polo que foi outorgado.
b) O desistimento do concesionario, previa notificación ó Concello.
c) O falecemento ou incapacidade do concesionario sen que acaeza a transmisión da concesión.
d) Atoparse incurso o concesionario en algunha das prohibicions legais para contratar coas Administracións Públicas.
e) A resolución da concesión acordada polo Concello.

No presente caso, a extinción da concesión trae como causa o facelemento do concesionario, suposto previsto no apartado c) do articulo 28 da OM, resultando polo tanto procedente a sua declaracion cos efectos conseguintes á extinción da concesión.

Neste senso, como dispoñe a OM, o acordo de extinción da concesión dará lugar a reversión do quiosco e suas instalacións fixas a favor do Concello, sen que por ello resulte contraprestación de ningunha clase a prol do titular da concesión ou os seus sucesores, tendo estes, por outra banda, a obriga da reposición do dominio público afecto a concesión o seu estado orixinal, tal e como dispon a OM (art. 21 12º-13º e art 29).

No que atinxe a fianza definitiva constituida polo interesado na Tesorería municipal, procederá a sua devolución, previa solicitude deste e unha vez comprobado o cumprimento das obrigas concesionais a que esta vencellada.

QUINTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 11º da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Declarar extinguida a concesión administrativa outorgada a Don Pablo Beiro Diz, por acordo do Pleno do Concello de 7 de marzo de 1983, para a explotación do quiosco situado na rúa Cesareo Vázquez número 128, da cidade de Vigo, polo falecemento do concesionario, dacordo co disposto no apartado c) do articulo 28 da Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó departamento de Vías e Obras da Area de Fomento, para que proceda á retirada do quiosco da vía pública, e comunicación posterior a Da. A.M. Beiro Diz (na sua condición de causahabente do concesionario falecido) para as obras de reposición da vía pública ao seu estado orixinal.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ó departamento de Administración de Tributos, e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(970).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO "XIII PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA". EXPTE. 13257/307.
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/11/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 31 de xullo de 2026 e a través do expediente 13137-307, o decimoterceiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, coa finalidade de contribuir ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

A concelleira de Patrimonio Histórico resolveu contratar (exp. 13222-307) ao arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do XIII programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións para ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2027, e segundo delegación do alcalde de 25/09/2025 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias "a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana".

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 23/10/2026.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.
Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.
b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.
e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.
- serán prioritarias as listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da totalidade dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza.
- no seguinte escalón inferior na orde de prioridade, e en caso de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas no apartado anterior, recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da maior parte dos exercicios integrantes du proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza, en orde decrecente.
- en terceiro lugar, e para o suposto de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas nos apartados anteriores recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación de algún dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e da Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación nos termos das delegacións competenciais efectuadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de reserva para a categoría profesional de Técnico/a de Administración Xeral**;** Subgrupo A1; Escala de Admón. Xeral; Subescala técnica, relativa a Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 para o nomeamento interino de persoal funcionario, por orde, de acordo aos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 29.08.2025:

N.º	*APELIDOS*	*NOME*	*DNI*	*TOTAL*
1	*González Otero*	*M. T.*	*****508***	*11,50*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
2	Cameán Calvete	S.	****463**	10,75
3	Martínez Martínez	E.	****395**	6,625
4	Chapela Gallego	M. D.	****569**	5,5
5	González Rodríguez	M. E.	****850**	5

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(979).- PROPOSTA DE INCREMENTO DO CRÉDITO ORZAMENTARIO E O NÚMERO DE XORNADAS LABORAIS ANUAIS APROBADAS NA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL DO ANO 2026. EXPTE. 49405/220.
Visto o informe de fiscalización de data 02/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/10/2026, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de **24/10/2025** aprobou o seguinte acordo (Expte 47443-220):

"PRIMEIRO- Prórrogar durante o ano 2026 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, naquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

SEGUNDO.- Aprobar a realizacion dun número máximo de xornadas anuais (4.368, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , sendo o seu custo máximo de 1.112.410,13 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

TERCEIRO.- Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

CUARTO- A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

QUINTO- A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

SEXTO.- A presente prórroga quedará sin efecto de producirse a aprobación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT, e da oportuna tramitación procedimental, de proceder a súa aprobación polo órgano competente, de xeito que substitúa o acordo que agora se prorroga e sempre que as circunstancias existentes así o motivasen."

II.- O importe de gasto maximo acordado para o ano 2026 ascende a cantidade de 1.112.410,13 €. (4.368 xornadas totais), cantidade calculada sin aplicacion dos incrementos retributivos legais acordados para o ano 2026 asi como sobre un numero de efectivos inferior ao existente en data 01/01/2026.

III.- Execucion do Programa: ata o mes de setembro os datos son os seguintes:

n xornadas totais 2026	4368
n xornadas autorizadas (xan-nov26)	4111
n xornadas realizadas (xan-set26)	3296

importe máximo anual	1.112.410,13 €
importe maximo autorizado (xan-nov26)	1.091.035,20 €
importe abonado (xan-set26)	879.216,48 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

Mes	Xorn. realizadas	Importe	Saldo/autorizadas	Saldo/autorizado
Xaneiro	353	94.057,49 €	5	1.099,29 €
Febreiro	344	91.640,11 €	18	4.231,08 €
Marzo	374	99.557,13 €		
Abril	352	93.698,83 €	13	926,68 €
Maio	400	107.452,90 €		
Xuño	348	93.041,83 €		
Xullo	386	102.858,93 €	43	10.133,35 €
Agosto	395	105.004,76 €		
Setembro	344	91.904,50 €		

III.- Dado o volumen de execucion de xornadas realizado ata a data , incrementado pola celebracion do dia das Forzas armadas na cidade de Vigo, asi como o inicio da campaña de Nadal o servizo solicitase a ampliacion no numero maximo de xornadas a realizar en 89, asi como o incremento do gasto autorizado en **75.321,09 €**, tendo en conta a inexactitude nos calculos realizados no expte 47443-220, aprobado en data **24/10/2025** en canto a numero de efectivos a data 01/01/2026 e importes actualizados cos incrementos legais para 2026 asi como o saldo de xornadas de dispoñibilidade, tendo en conta o incremento non previsto das mesmas pola celebracion do dia das Forzas Armadas na Cidade de Vigo, asi como as necesidades previstas no mes de decembro 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.
En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os "Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", (expediente 39599-220).

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instruccións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :

-Os programas de disponibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2024 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

"No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."

II-Análise das circunstancias concretas

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado

polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incoporado ao expediente.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de **24/10/2025**, se autorizou a prórroga do dito acordo e a realizacion dun número máximo de xornadas anuais totais de 4.368 cun coste maximo de 1.112.410,13 €., cantidade calculada sin aplicacion dos incrementos retributivos legais acordados para o ano 2026 asi como sobre un numero de efectivos inferior ao existente en data 01/01/2026.

Polo Intendente Xefe da Policía Local, solicítase a actualizacion e ampliacion do numero de xornadas, baseado no numero de efectivos reais a data 01/01/2026, en 89 xornadas do número total de xornadas para o ano 2026, sobre as 4.368 xornadas autorizadas no expediente de prórroga, asi como o incremento do crédito autorizado pola contía de **75.321,09 €**,

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

A vista, pois, dos datos expostos, existen causas obxectivas e xustificadas que serven de motivación para acordar a proposta de incremento solicitado, que se realiza no contexto dun plan de dispoñibilidade de máximos, polo que, a súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria, e sen que se teña que executar na súa totalidade. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

A aprobación desta proposta non afectará ao réxime de autorizacións e delegacións competenciais contempladas na parte dispositiva do acordo da prórroga do Acordo Marco aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 24/10/2025 (expte. 47443-220).

FISCALIZACIÓN PREVIA

Sométese a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 223 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos, e en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 1320.1500000- “Produtividade” do orzamento do ano 2024.

RÉXIME COMPETENCIAL

Correspóndelle a competencia de aprobación á Xunta de Goberno Local conforme ao artigo 127.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

PROPOSTA QUE SE SOMETE Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA:

PRIMEIRO-.- Aprobar a **ampliación de 89 xornadas laborais** sobre as 4.368 autorizadas mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de 24/10/2025, polo que se aprobou prorrogar, durante o ano 2026, o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas, sendo o custo máximo de dita ampliacion **75.321,09€**, sen contar coa eventual prolongacion de xornada, o que suporá un gasto maximo total de 1.187.731,22€.

SEGUNDO.- A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade obxecto de ampliacón realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

TERCEIRO- A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptor no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións establecidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(980).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE DÚAS PRAZAS DE ECONOMISTAS COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022 (QUENDA LIBRE) EXPTE. 49817/220.

Visto o informe de fiscalización de data 02/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/10/2026, asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- As "Bases específicas e convocatoria OEP 2020-2021-2022" publicáronse no BOP de Pontevedra nº 21 de 31 de xaneiro de 2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

II.- As bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022 (3ª fase da convocatoria (BOP de Pontevedra nº 21 de 31 de xaneiro de 2025) incluían dúas (2) prazas de persoal funcionario de carreira denominada "Economista" derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2020-2021-2022 (3a fase), pola quenda libre.

III.- Consta no expediente acta da sesión celebrada o 07.10.2026 do órgano de selección designado para o proceso selectivo referido, segundo a cal se dice o seguinte:

"Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura cobertura de dúas prazas de economista en quenda libre (subgrupo A1) do Concello de Vigo incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022, 3ª fase ao non superar ningún candidato o segundo exercicio.

Segundo.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios municipal e no portal web deste Concello, para xeral coñecemento, con indicación de que de conformidade co disposto no artigo 122.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Común das Administracións Públicas, transcorrido o prazo dun mes para a interposición do recurso de alzada sen que se presentara escrito algún, o acordo do órgano de selección adquire firmeza en vía administrativa."

IV.- Segundo acta da sesión celebrada o 07.10.2026 do órgano de selección designado para o proceso selectivo, as puntuacións do primeiro exercicio ao cal asisten dous candidatos foron as seguintes:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
LEMOS VEIGA	D.	***0313**	**5**
CRESPO CIBRÁN	M.Á.	***7342**	**5**

V.- Segundo acta da sesión celebrada o 07.10.2026 do órgano de selección designado para o proceso selectivo, as puntuacións do segundo exercicio ao cal asisten dous candidatos foron as seguintes:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
LEMOS VEIGA	D.	***0313**	**2,25**
CRESPO CIBRÁN	M.Á.	***7342**	**4,19**

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións do artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

O artigo 11 do citado TREBEP establece que: "*1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."

Segundo as Bases Xerais e específicas OEP dos anos 2020, 2021 e 2022: 1ª fase da convocatoria, publicadas no BOPPO número 107, de data 03.06.2024, logo do remate do proceso selectivo, o órgano de selección deberá propoñer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas (8.4.6.)

Na base décimo sexta das Bases Xerais e específicas OEP dos anos 2020, 2021 e 2022: 1ª fase da convocatoria, publicadas no BOPPO número 107, de data 03.06.2024, finalizado o proceso selectivo as persoas que superen serán nomeadas funcionarias de carreira.

Neste caso, segundo o acta número 5 do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo ningún aspirante superou e ningún aspirante pode proposto para ser nomeado.

I.- Formación da lista de reserva

O artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico del Empleado Público establece "Los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad, publicidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."

Segundo o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.08.2025, polo cal se aproban os criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo:

"As listas de reserva do Concello de Vigo estarán integradas además de polo conxunto de persoas que teñan superado, sen dereito a obter praza, os exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas, polas persoas que teñan superado algún dos exercicios de ditos procesos selectivos, nos termos e condicións da orde de prelación establecida no punto III presentes criterios."

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

De acordo ao orde de prelación establecido no apartado III do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.08.2025:

- serán prioritarias as listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da totalidade dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza.

- no seguinte escalón inferior na orde de prioridade, e en caso de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas no apartado anterior, recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da maior parte dos exercicios integrantes du proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza, en orde decrecente.

- en terceiro lugar, e para o suposto de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas nos apartados anteriores recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación de algún dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público destinado á execución das ofertas de emprego público sen ter obtido praza.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e da Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación nos termos das delegacións competenciais efectuadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso selectivo, pola quenda libre, de dúas prazas de persoal funcionario de carreira denominada “Economista” derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2020-2021-2022 (3a fase), pola quenda libre.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de reserva para a categoría profesional de Economista**;** Subgrupo A1; Escala de Admón. Especial; Subescala técnica, relativa a Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 para o nomeamento interino de persoal funcionario, por orde, de acordo

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

aos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 29.08.2025:.

ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	CRESPO CIBRÁN	M.Á.	***7342**	**9,19**
2	LEMOS VEIGA	D.	***0313**	**7,25**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, e a o Comité de Empresa, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(981).- PROXECTO DO PLAN NORMATIVO ANUAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2027. EXPTE. 1753/110.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 3/11/2026, asinado polo secretario xeral do Pleno e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 25/09/2026 remitiuse aos diferentes áreas e servizos municipais, coa conformidade da Concelleira delegada da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, a solicitude de presentación das iniciativas regulamentarias a incorporar ao Plan Anual Normativo 2027 deste Concello.

Segundo.- Con data 23/10/2026 incorporáronse ao expte electrónico 5657/1101 as iniciativas regulamentarias da Concellería da área de goberno de Medio Ambiente.

Normativa aplicable

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC).
- Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno *[no que sexa adaptable á Administración Local]*.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno (Lei 19/2013).
- Directrices para a elaboración do “Plan Anual Normativo e avaliación normativa posterior”, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 31/08/2017 (expte 1464/110).

Informe.

Primeiro.- Sobre a planificación normativa.

O artígo 4.1.a) da LBRL atribúe aos municipios, na súa condición de administracións públicas (en adiante AAPP) de carácter territorial, dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto organización.

A Lei 39/2015, LPAC, no seu Título VI, adicado á iniciativa lexislativa e á potestade regulamentaria, fai referencia aos principios de boa regulación aos que as AAPP ten que axustarse no exercicio desa potestade regulamentaria. Así, o artigo 129 establece que as AAPP actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Ao obxecto de acadar unha maior *predectibilidade*, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte. Os plans normativos deben incluír as novas disposicións regulamentarias e as modificacións das existentes, incluso as derogacións. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente. Incrementase así a transparencia no exercicio da iniciativa normativa al permitir, coa publicación do seu contido, que tanto o resto de AAPP, como os cidadáns poidan coñecer con antelación que normas se ten previsto aprobar polo Concello.

Con este instrumento, segundo o Preámbulo da Ley 39/2015, -LPAC-, se aposta por mellorar a planificación normativa "ex ante", co obxecto de asegurar o exercizo da potestade regulamentaria das entidades locais, neste caso, "*de acuerdo con los principios de buena regulación, garantizar de modo adecuado la audiencia y participación de los ciudadanos en la elaboración de las normas y lograr la predictibilidad y evaluación pública del ordenamiento*".

Segundo.- Sobre a súa regulación.

A Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno, aplicable ao goberno do Estado, poderá aplicarse subsidiariamente ás entidades locais (EELL) en todo o que se poida adaptar á organización da Administración Local para a interpretación da obriga arriba sinalada, no seu artigo 25 indica:
“Artículo 25. Plan Anual Normativo.

1. El Gobierno aprobará anualmente un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legislativas o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

2. El Plan Anual Normativo identificará, con arreglo a los criterios que se establezcan reglamentariamente, las normas que habrán de someterse a un análisis sobre los resultados de su aplicación, atendiendo fundamentalmente al coste que suponen para la Administración o los destinatarios y las cargas administrativas impuestas a estos últimos.

3. Cuando se eleve para su aprobación por el órgano competente una propuesta normativa que no figurara en el Plan Anual Normativo al que se refiere el presente artículo será necesario justificar este hecho en la correspondiente Memoria del Análisis de Impacto Normativo.

4. El Plan Anual Normativo estará coordinado por el Ministerio de la Presidencia, con el objeto de asegurar la congruencia de todas las iniciativas que se tramiten y de evitar sucesivas modificaciones del régimen legal aplicable a un determinado sector o área de actividad en un corto espacio de tiempo. El Ministro de la Presidencia elevará el Plan al Consejo de Ministros para su aprobación antes del 30 de abril.

Por orden del Ministerio de la Presidencia se aprobarán los modelos que contengan la información a remitir sobre cada iniciativa normativa para su inclusión en el Plan."
Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa", a cuxo contido nos remitinos.

As Directrices advertían que con anterioridade ao 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual.*

Subliñase que, de acordo coa directriz sexta, "*Quedan excluídas do Plan Anual Normativo as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións, así como o Plan Xeral de Ordenación Municipal e as súas modificacións*".

Terceiro.- Sobre o procedemento e o órgano competente.

O procedemento para levar a cabo a aprobación do Plan é o seguinte:

- A aprobación do "proxecto" do Plan Anual Normativo municipal, redactado polo Servizo de Secretaría Xeral (directrices segunda e cuarta), deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (en adiante XGL).
- Unha vez aprobado, de acordo co artigo 2.1.) da Lei 19/2013, o Plan Anual Normativo debe publicarse no portal de transparencia da entidade local.

Damos por reproducidas as consideracións que en relación có órgano competente foron emitidas no informe desta secretaría de 17/03/2025 de seguimento do Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2022, expediente 1696/110 (trámite 101), e no informe proposta de 04/11/2024 do Plan Anual normativo do Concello de Vigo para 2025, expte 1742/110 (trámite 13).

A directriz cuarta das arriba sinaladas (aprobadas pola XGL) atribúe a competencia para a aprobación "definitiva" ao Pleno nos termos seguintes: "CUARTA. A Secretaría xeral do Pleno proporá a **aprobación previa do proxecto de Plan Normativo á Xunta de Goberno Local** con anterioridade ao 1 de novembro do ano anterior a súa vixencia; **o proxecto será**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

elevado ao Pleno para a súa aprobación na sesión ordinaria do mes de novembro e publicarase no BOP e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data anterior ao 31 de decembro." En cumprimento desta directriz en anteriores exercicios se ven aprobando o plan normativo anual do Concello de Vigo polo Pleno. A maioría simple será a requirida para esa aprobación do Plan Anual Normativo, seguindo a regra xeral do artigo 47.1 da LBRL.

Cuarto.- Iniciativas recibidas.

En resposta ao tramite 2 do expediente electrónico 1753/110, polas distintas Áreas de goberno municipal se remitiron á secretaría xeral as propostas de planificación normativa, exercicio 2025. Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas son as seguintes:

I. Área de Medio Ambiente (trámite 7 do expte electrónico 1753/110)**.**

Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

Obxectivo xeral da norma.- Desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre servizos nos cemiterios municipais.

Tramitación.-

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: primeiro cuadrimestre 2027.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: primeiro cuadrimestre 2027.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: segundo cuadrimestre 2027.
- Data estimada para audiencia e información pública: segundo cuadrimestre 2027.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: cuarto cuadrimestre 2027.

Proposta de acordo

Por todo o anteriormente exposto, de conformidade coas propostas formuladas e co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, se eleva á Xunta de Goberno Local o seguinte:

INFORME-PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2027 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

Segundo.- Elevar o acordo adoptado ao Pleno para a súa aprobación, en cumprimento das "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual".

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Terceiro.- Publicar o Plan Normativo municipal, exercicio 2027, no Portal da Transparencia deste Concello co fin de que este a disposición dos interesados.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(982).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DA RELACIÓN VALORADA FINAL DO CONTRATO DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGREXA, PARROQUIA DE VALADARES". EXPTE. 2567/441.

Visto o informe de fiscalización de data 30/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/10/2026, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías municipais, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- O día 27 de febreiro e 2 de marzo de 2026, respectivamente, a enxeñeira técnica de Obras Públicas – técnica responsable do contrato de mellora de viais (Civis Global, SL) e o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais emiten informe de inspección dun muro no camiño Igrexa, parroquia de Valadares.

Á vista do dito informe, o día 3 de marzo de 2026 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e o tenente de alcalde concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes asinan memoria xustificando a necesidade de contratar, utilizando a tramitación de emerxencia, as obras de reparación dun muro no camiño Igrexa, parroquia de Valadares para garantir a seguridade baseándose no informe técnico de inspección.

2.- Na devandita memoria xustificativa, do servizo xestor identificábase no seu apartado 4 as características do contrato:

"O obxecto do contrato é a reparación do muro de contención do camiño da Igrexa na parroquia de Valladares para garantir a seguridade.

Tendo en conta o informe técnico anteriormente citado, as obras a realizar con carácter inmediato que se recollen no presente contrato son:

Ud	*Descrición*	*medición*	*prezo*	*importe*
	ACTUACIONES PREVIAS	***1,00***	***15.080,10***	***15.080,10***
M2	*DEMOLICION ACERA Y AGLOMERADO*	*135,00*	*8,50*	*1.147,50*
M3	*DEMOLICIÓN MURO EXISTENTE*	*127,50*	*16,06*	*2.047,65*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

M3	EXCAVACION PARA EJECUCIÓN DE MURO	866,25	13,72	11.884,95
	ESTRUCTURAS	**1,00**	**89.755,73**	**89.755,73**
M3	PIEDRA PESO MÍNIMO 400 KG	102,38	42,81	4.382,89
M3	HORMIGON CICLOPEO EN ZAPATA Y ZUNCHO	66,38	157,78	10.473,44
KG	ACERO EN ZUNCHO	675,00	2,29	1.545,75
M2	ENCOFRADO Y DESENCOFRADO	45,00	22,70	1.021,50
M3	MURO PIEDRA ALTURA Y ESPESOR VARIABLE	520,00	133,10	69.212,00
M3	RELLENO TRASDÓS	155,00	20,13	3.120,15
	PAVIMENTACIÓN	**1,00**	**17.901,97**	**17.901,97**
M3	ZAHORRA EN VIAL	125,00	26,18	3.272,50
M3	HORMIGON EN ACERAS	8,06	157,78	1.271,71
M2	AGLOMERADO CAPA INTERMEDIA 6CM AC22 <250 M2	85,00	49,92	4.243,20
M2	AGLOMERADO CAPA RODADURA 5CM AC 16 <250 M2	55,00	76,51	4.089,35
M	BIONDA	20,00	203,23	4.208,05
M	TERMINAL	2,00	408,58	817,16
	GESTION DE RESIDUOS	**1,00**	**4.617,75**	**4.617,75**
M3	TRANSPORTE RESIDUOS INERTES 20 KM	235,00	5,70	1.339,50
M3	CANON VERTIDO RESIDUOS INERTES	235,00	13,95	3.278,25
	VARIOS	**1,00**	**4.500,00**	**4.500,00**
PA	IMPREVISTOS (POSTE)	1,00	4.500,00	4.500,00
	SS	**1,00**	**1.000,00**	**1.000,00**
PA	SYS	1,00	1.000,00	1.000,00

PRESUPUESTO EJECUCION MATERIAL	**132.855,55**
13% GASTOS GENERALES	17.271,22
6% BI	7.971,33
PBL	**158.098,10**
IVA 21%	33.200,60
PBL CON IVA	**191.298,70**

“

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 6 de marzo do 2026, a XGL acordou:
“Primeiro.- Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA (A-70.319.678) o contrato de obras de reparación do muro de contención no Camiño Igrexa (parroquia de Valladares) para garantir a seguridade, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), coas seguintes características:

1. *O obxecto do contrato é a reparación do muro de contención do camiño da Igrexa na parroquia de Valladares.*
2. *O prezo total é de 191.298,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.200,60 euros.*
3. *O valor estimado do contrato é 158.098,10 euros.*
4. *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.0000 a nivel de bolsa de vinculación.*
5. *O prazo de execución do contrato estímase en catro semanas. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción deste acordo.*
6. *A dirección facultativa da obra será o enxeñeiro técnico industrial, xefe da Unidade de Mantemento de Viais, Alfonso Berros Pérez e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, Juan Manuel Sánchez González.*
7. *A coordinación de seguridade e saúde da obra será realizada pola empresa ATENEA SAU, a cargo do contrato municipal vixente de coordinación de seguridade e saúde en obras promovidas polo Concello de Vigo, LOTE 1, expediente 2.223-441.*
8. *O responsable do contrato será a dirección facultativa da obra.*
9. *A forma de pagamento realizarase contra certificación mensual acompañada de relación valorada, expedida polos directores facultativos da obra.*
10. *O prazo de garantía fíxase en 5 anos de xeito que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído.*

Segundo.- Executadas as actuacións obxecto deste contrato, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.

Terceiro.- Notificar este acordo ao contratista".

4.- A acta de comprobación do replanteo asinouse o 10 de marzo do 2026, finalizando as obras o dia 24 de abril do 2026. A acta de recepción foi firmada o 29 de abril do 2026.

5.- O día 29 de maio e 1 de xuño de 2026, respectivamente, pola dirección facultativa da obra asínase certificación nº 1 e final de obras por importe de 216.453,77 € IVE engadido, supoñendo un aumento de +25.155,07 € respecto da relación valorada aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6.- O día 11 de xuño do 2026 a dirección facultativa asina informe final xustificativo da execución do contrato de "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGREXA, PARROQUIA DE VALLADARES, PARA GARANTIR A SEGURIDADE, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA".

A vista do dito informe, o servizo xestor en data 12 de xuño do 2026 emite informe proposta para aprobación da certificación final nº 1 e final da obra do proxecto de "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGREXA, PARROQUIA DE VALLADARES, PARA

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

GARANTIR A SEGURIDADE, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA", por un importe de 216.453,77 €, remitindo o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.

7.- O día 1 de xullo de 2026, devolvese o expediente dende á Intervención Xeral, acompañado de dilixencia indicando o seguinte:

"O acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2026, de adxudicación da presente obra de emerxencia, recollía unha primeira Relación valorada das obras a executar. Toda vez que ao longo da execución das obras de emerxencia xurdiron actuacións adicionais non contempladas no orzamento inicial, e dada la excepcionalidade do artigo 120 LCSP, para proceder ao recoñecemento da obriga , seria necesario que previamente o órgano competente (XGL) aprobe a nova Relación valorada final, axustada a realidade da obra (e que xa incorpore o destino da partida de "Imprevistos"), que quede acreditado que as actuacións adicionais foron as indispensables para atender a emerxencia me motivou o presente expediente, e que se autorice e comprometa o gasto adicional necesario, gasto adicional que ascende a 25.155,07 euros.

En consecuencia debe elevarse ao órgano de contratación, previa fiscalización por esta Intervención, a proposta de autorización e compromiso do gasto adicional executado sen cobertura orzamentaria, derivado na nova relación valorada.

A certificación final que posteriormente se tramite para proceder ao recoñecemento da obriga, deberá asemesmo incorporar as medicións resultantes do desglose da nova relación valorada"

8.- En vista do anterior, a dirección facultativa asina en data 30 de setembro e 5 de outubro do 2026, respectivamente, INFORME RELACIÓN VALORADA DEFINITIVA DAS OBRAS "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGREXA – PARROQUIA DE VALLADARES" axustada á realidade da obra realmente executada e coincidente coa certificación nº1 e final das obras asinada pola dirección facultativa o día 29 de maio e 1 de xuño de 2026, respectivamente.

II.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS ADICIONAIS CONTEMPLADAS NA NOVA RELACIÓN VALORADA.

Tal e como se indica no informe antedito da relación valorada definitiva das obras:

"Unha vez iniciadas as obras aprobadas, e posteriormente a realizar os traballos de roza e limpeza do talude existente, a Dirección da Obra comproba que as dimensións dos traballos a executar difiren sobre o disposto no informe de aprobación inicial de forma significativa nas tres partidas concretas de "Actuacións Previas".

- *DEMOLICIÓN BEIRARRÚA E AGLOMERADO: Non se considerou necesario realizar este traballo xa que se comproba que a beirarrúa está asentada sobre terreo firme e non está afectada polo talude desprendido.*
- *DEMOLICIÓN MURO EXISTENTE: A retirada da maleza descubre un tramo de talude existente en mal estado e onde tamén é necesario o reforzo con muro de nova*

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

construción. Da mesma maneira, compróbase que a altura do muro necesario e superior a informada inicialmente.

- *ESCAVACIÓN PARA EXECUCIÓN DE MURO: Consecuentemente co apartado anterior, as escavacións necesaria para a execución du muro de maiores dimensións increméntanse igualmente.*

Ao modificarse as dimensións previas, as medicións de execución de estruturas e remate varían da mesma maneira, incrementándose nos elementos correspondentes a estrutura do muro e cimentación, e diminuíndo no referente á beirarrúa e calzada.

A partida de XESTIÓN DE RESIDUOS aumenta igualmente cola ampliación da escavación e a demolición do galpón que aparece encostado ao muro e que non consta na memoria inicial"

III.- VALORACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE EMERXENCIA.

Se detallan a relación valorada definitiva a continuación e as diferencias coa relación valorada inicial:

MURO CAMIÑO IGREXA

			FINAL	RELACIÓN VALORADA INICIAL			CERTIFICACION ORIGEN			DIFERENCIA		
Código	*Nat*	*Ud*	*Resumen*	*CanPres*	*PrPres*	*ImpPres*	*CanPres*	*PrPres*	*ImpPres*	*CanPres*	*PrPres*	*ImpPres*
01	**Capítulo**		**ACTUACIONES PREVIAS**			**15.080,10 €**			**18.468,73 €**			**3.388,63 €**
01.01	Partida	M2	DEMOLICION ACERA Y AGLOMERADO	135,00	8,50 €	1.147,50	0,00	8,50 €	0,00	-135,00	8,50 €	-1.147,50
01.02	Partida	M3	DEMOLICION MURO EXISTNTE	127,50	16,06 €	2.047,65	274,50	16,06 €	4.408,47	147,00	16,06 €	2.360,82
01.03	Partida	M3	EXCAVACION PARA EJECUCION DE MURO	866,25	13,72 €	11.884,95	1.024,80	13,72 €	14.060,26	158,55	13,72 €	2.175,31
02	**Capítulo**		**ESTRUCTURAS**			**89.755,73 €**			**105.668,00 €**			**15.912,27 €**
02.01	Partida	M3	PIEDRA PESO MINIMO 400KG	102,38	42,81 €	4.382,89	125,00	42,81 €	5.351,25	22,62	42,81 €	968,36
02.02	Partida	M3	HORMIGON CICLOPEO EN ZAPATA Y ZUNCHO	66,38	157,78 €	10.473,44	81,05	157,78 €	12.788,07	14,67	157,78 €	2.314,63
02.03	Partida	KG	ACERO EN ZUNCHO	675,00	2,29 €	1.545,75	297,00	2,29 €	680,13	-378,00	2,29 €	-865,62
02.04	Partida	M2	ENCOFRADO Y DESENCOFRADO	45,00	22,70 €	1.021,50	42,00	22,70 €	953,40	-3,00	22,70 €	-68,10
02.05	Partida	M3	MURO PIEDRA ALTURA Y ESPESOR VARIABLE	520,00	133,10 €	69.212,00	617,51	133,10 €	82.189,92	97,51	133,10 €	12.977,92
02.06	Partida	M3	RELLENO TRASDOS	155,00	20,13 €	3.120,15	184,07	20,13 €	3.705,23	29,07	20,13 €	585,08
03	**Capítulo**		**PAVIMENTACION**			**17.901,97 €**			**9.099,99 €**		-	**8.801,98 €**
03.01	Partida	M3	ZAHORRA EN VIAL	125,00	26,18 €	3.272,50	49,50	26,18 €	1.295,91	-75,50	26,18 €	-1.976,59
03.02	Partida	M3	HORMIGON EN ACERAS	8,06	157,78 €	1.271,71	13,50	157,78 €	2.130,03	5,44	157,78 €	858,32
03.03	Partida	M2	AGLOMERADO CAPA INTERMEDIA 6CM AC22	85,00	49,92 €	4.243,20	0,00	49,92 €	0,00	-85,00	49,92 €	-4.243,20
03.04	Partida	M2	AGLOMERADO CAPA RODADURA 5CM AC16	85,00	48,11 €	4.089,35	0,00	48,11 €	0,00	-85,00	48,11 €	-4.089,35
03.05	Partida	M	BIONDA	55,00	76,51 €	4.208,05	52,80	76,51 €	4.039,73	-2,20	76,51 €	-168,32
03.06	Partida	m3	TERMINAL	2,00	408,58 €	817,16	4,00	408,58 €	1.634,32	2,00	408,58 €	817,16
10	**Capítulo**		**GESTIÓN DE RESIDUOS**			**4.617,75 €**			**11.588,84 €**			**6.971,09 €**
10.01	Partida	m3	TRANSPORTE RESIDUOS INERTES 20KM	235,00	5,70	1.339,50	589,76	5,70	3.361,65	354,76	5,70	2.022,15
10.02	Partida	m3	CANON VERTIDO RESIDUOS INERTE	235,00	13,95	3.278,25	589,76	13,95	8.227,19	354,76	13,95	4.948,94
12	**Capítulo**		**VARIOS**			**4.500,00 €**			**4.500,00 €**			**- €**
IMPRE01	Partida	ML	REPARAR BARANDILLA	20,00	41,85	837,00	20,00	41,85	837,00	0,00	41,85	0,00
IMPRE02	Partida	ML	VALLADO CON MALLA SIMPLE TORSION	31,27	49,49	1.547,55	31,27	49,49	1.547,55	0,00	49,49	0,00
IMPRE03	Partida	M2	GEOTEXTIL	225,01	6,96	1.566,08	225,01	6,96	1.566,08	0,00	6,96	0,00
IMPRE04	Partida	UD	ACOMETIDA ABASTECIMIENTO	1,00	313,92	313,92	1,00	313,92	313,92	0,00	313,92	0,00
IMPRE05	Partida	UD	ACOMETIDA ELECTRICA	1,00	235,44	235,44	1,00	235,44	235,44	0,00	235,44	0,00
12	**Capítulo**		**SS**			**1.000,00 €**			**1.000,00 €**			**- €**
12.03	Partida	PA	SYS	1,00	1.000,00	1.000,00	1,00	1.000,00	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00

(1) TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL	132.855,55 Euros	150.325,56 Euros	17.470,01 Euros
(4) APLICACIÓN % BAJA ADJUDICACIÓN	0,00 Euros	0,00 Euros	0,00 Euros
(5) 3-4 TOTAL P.E.M. (a precio de adjudicación)	132.855,55 Euros	150.325,56 Euros	17.470,01 Euros
(6) 13% S/(5) GASTOS GENERALES	17.271,22 Euros	19.542,32 Euros	2.271,10 Euros
(7) 6% S/(5) BENEFICIO INDUSTRIAL	7.971,33 Euros	9.019,53 Euros	1.048,20 Euros
(8) 5+6+7 SUMA	**158.098,10** Euros	**178.887,41** Euros	**20.789,31** Euros
(9) 21% S/(8) IVA PRESENTE CERTIFICACIÓN	33.200,60 Euros	37.566,36 Euros	4.365,76 Euros
(10) 8+9 TOTAL PRESUPUESTO ADJUDICACIÓN DE LA PRESENTE	191.298,70 Euros	216.453,77 Euros	25.155,07 Euros

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

RESUMEN ORZAMENTOS

	VALORACIÓN INICIAL	VALORACIÓN DEFINITIVA
PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL	132.855,55 €	150.325,56 €
13 % GASTOS XERAIS	17.271,22 €	19.542,32 €
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	7.971,33 €	9.019,53 €
SUMA	158.098,10 €	178.887,41 €
IVE 21 %	33.200,60 €	37.566,36 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA (+ IVE)	**191.298,70 €**	**216.453,77 €**

O incremento de medición produce unha diferenza da valoración inicial do prezo do contrato adxudicado cun aumento de +25.155,07 € IVE engadido, o que supón un (+13 %) sobre a relación valorada inicial.

IV. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

De conformidade co previsto no artigo 120 da LCSP a competencia para aprobación da da relación valorada final correspóndelle ao órgano de contratación, que, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma é a Xunta de Goberno Local.

Polo que á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, que dite a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a relación valorada final da execución das obras do contrato de emerxencia de "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGREXA, PARROQUIA DE VALLADARES, PARA GARANTIR A SEGURIDADE, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA", por importe de **216.453,77 €**, co seguinte detalle:

RESUMEN ORZAMENTOS

	VALORACIÓN INICIAL	VALORACIÓN DEFINITIVA
PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL	132.855,55 €	150.325,56 €
13 % GASTOS XERAIS	17.271,22 €	19.542,32 €
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	7.971,33 €	9.019,53 €
SUMA	158.098,10 €	178.887,41 €
IVE 21 %	33.200,60 €	37.566,36 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA (+ IVE)	**191.298,70 €**	**216.453,77 €**

Segundo.- Autorizar a ampliación do gasto nun importe de **25.155,07 €**, nas obras do contrato de emerxencia de "REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO IGRE-

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

XA, PARROQUIA DE VALLADARES, PARA GARANTIR A SEGURIDADE, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA" derivado do gasto adicional executado sen cobertura orzamentaria, e que resulta da relación valorada final da execución das obras do contrato de emerxencia de referido.

O gasto será imputado á aplicación orzamentaria 1532/2100000, a nivel de bolsa de vinculación, que conta con crédito adecuado e suficiente".

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do servizo de xestión de reservas e organización da viaxe da delegación que se desprace a FITUR 2027. Expte. 9118/104.

.- Outorgamento das subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2026. Expte. 12759/320.

.- Proposta de aprobación da Programación de Nadal 2026-2027. Expte. 12314/106.

.- Proxecto de convenio de colaboración con THE WALT DISNEY COMPANY IBERIA SLU para o desenvolvemento de actuacións singulares na Campaña de Nadal de Vigo 2026-2027. Expte. 12293/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(983).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACE A FITUR 2027. EXPTE. 9118/104.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2196/1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-xurídico de data 03/11/2026 e o informe de fiscalización do 04/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/11/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada 10/08/26.

- Memoria económica de data 18/09/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.

  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

S.ord. 06/11/2026

- Retención de crédito de data 11/08/2026 (operacións no 12026000088995 -RC- 12026000120872 RC (complementario 28/10/26) e 12026000088996 -RCFUT-)
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 18/09/26

- Memoria xustificativa de data 05/10/2026 relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)

  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 18/09/2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 27/10/2026.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 19, 28 e 30 de xuño de 2023 e posterior de 28/06/24 e 25/09/25 na que así mesmo estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal.
A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 10/08/2026 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).
O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar a tramitación ordinaria do expediente de contratación a través de procedemento aberto de **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO , FITUR 2027.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 18/09/2026 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 27/10/26.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 67.221,44€ con IVE, sendo o IVE (tipo 10% e 21%) 6.766,44€
O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 "Organización e loxística de Feiras" do programa orzamentario do servizo de Turismo.
Co seguinte desglose de anualidades (incluído IVE):

- Ano 2026:13.444,28 €
- Ano 2027: 53.777,16€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(984).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2026. EXPTE. 12759/320.
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 03/11/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/10/2026, asinado pola instrutora do expediente e conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 17 de xullo de 2026 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para a ano 2026.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 140 do 24 de xullo de 2026, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (31 de xullo de 2026).

Durante este prazo (do 1 ao 10 de agosto de 2026), achegaron un total de trinta solicitudes (32):

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2196/1102

	Exp	DATA RE-XISTRO	CIF	ENTIDADE
1	13009	02/08/2026	G72936107	ASOC. CULTURAL IRMANDADE FESTAS DE STA CRISTINA DE LAVADORES
2	13012	03/0/2026	G-36757003	ASOC. HERMANDAD FIESTAS PATRONALES CANDEAN
3	13013	03/08/2026	G-36649374	ASOC. DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCABRE
4	13014	03/08/2026	G-36837425	ASOC CULTURAL HERMANDAD DE FIESTAS SANTA MARINA DE CABRAL
5	13010	04/08/26	G-36704666	FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATI-VAS EL OLIVO
6	13011	04/08/2026	G36644904	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO
7	13015	05/08/2026	G36846921	ASOC. CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DAS DORES DE CABRAL
8	13018	05/08/2026	G36634137	UNIÓN MUSICAL DE CORUXO
9	13016	06/08/2026	G-36954162	ASOC IRMANDADE DE NOSA SRA DAS NEVES DE MATAMA
10	13017	06/08/2026	G36633030	ASOC. CULTURAL FESTAS CONSOLACIÓN COIA
11	13023	06/08/2026	G36916328	ASOC. MARINEROS DE ETEA Y DE LA ARMADA-MARINETEA
12	13019	07/08/2026	G27745918	ASOC FESTAS CULT REC SAN MIGUEL ARCAN-XO
13	13020	07/08/2026	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR
14	13021	07/08/2026	G36763225	HERMANDAD DEVOTOS DE SAN ROQUE
15	13022	07/08/2026	G-36878395	ASOC COMISION DE FESTAS DOS RAMALLOS
16	13027	07/08/2026	G36729796	ASOC. VECIÑOS DA FEIRA CABRAL
17	13034	07/08/2026	G36648095	IRMANDADE DE FESTAS DE SANTA ANA DE BEADE

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

18	13035	07/08/2026	G36840940	IRMANDADE DE SAN CAMPIO
19	13032	08/08/2026	G-36755015	ASOCIACIÓN FESTAS SAN SEBASTIAN DE CORUXO
20	13033	08/08/2026	G36962389	ASOC. DE FESTAS A PALOMA DA GARRIDA-VALLADARES
21	13025	09/08/2026	G36717973	ASOC DE CULTURA Y FIESTAS DE CASTRELOS -VIGO
22	13026	09/08/2026	G36723229	ASOC. DE LA SDAD. DE FIESTAS VIRXE DO CARME
23	13028	09/08/2026	G-36648640	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA
24	13029	09/08/2026	G-27851070	ASOC AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS
25	13030	09/08/2026	G-56634306	COMISIÓN DE FESTAS STA EULALIA DE ALCABRE
26	13024	10/08/2026	G36617082	ASOC. CENTRO CULTURAL ARTISTICO RECREATIVO VALLADARES
27	13031	10/08/2026	G-366540036	ASOC. VECIÑOS DAN PEDRO DE MATAMÁ A UNIÓN
28	13036	10/08/2026	G-36769214	ASOC CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS
29	13037	10/08/2026	R-3600399D	COMUNIDAD ISLAMICA DE VIGO
30	13038	10/08/2026	G-36731404	A COMISION FESTAS NOSA SRA NIEVES GUIA
31	13039	10/08/2026	G-36627495	CENTRO RECREATIVO ARTISTICO E CULTURAL DE CORUXO
32	13040	10/08/2026	G36790228	ASOC COMISIÓN DE FIESTAS VIRXEN DOS AFLIXIDOS ZAMANS

II. OBXECTO DA SUBVENCIÓN E GASTOS SUBVENCIONABLES

As subvencións convocadas teñen por obxecto fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2026 están destinadas a fomentar os seguintes programas:

· **Programa I**: **Gastos correntes derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como, de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36

Documento asinado

· **Programa II**: **Gastos correntes derivados da organización de xogos populares**: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .

· Programa III: Gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de impresión e distribución de publicacións.

· Programa IV. Gastos derivados do alugueiro de local social (base impoñible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social, a fin de contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade).

III. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada "Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios"** do vixente exercicio orzamentario. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de Subvencións de Galicia.

Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2025 e o 15 de outubro de 2026,** que se encadren nalgún dos seguintes programas:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados do alugamento de mesas, cadeiras e equipamento de son, así como**,** de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,** cunha contía total de **30.000,00 euros.**

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **19.000,00 euros** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **5.000,00 €.**

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **7.000,00 €.**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €.**

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **6.000,00 €.** O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias.

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base cuarta das subvencións.

A distribución final destas contías entre os catro Programas resultou ser a seguinte:
Conforme á base 12ª. 11 (" *O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.")*, **acordase incrementar o crédito non liberado (17.366,50 €) no Programa II de "Competicións de Xogos Populares" (17.000,00 €) e no Programa IV de "gastos alugueiro" (366,50 €) de maneira proporcional entre os Programas I e III:**

Os importes finais dos programas I e III calcúlanse en función da porcentaxe que representa o importe da solicitude de subvención máxima individual de cada un deses programas, sobre o total da solicitude máxima individual conxunta. Deste modo, asignamos un 50,08 % do importe do crédito non liberado para ditos programas (**17.366,50 €**), ao Programa I, e un 49,92 % ao Programa III:

TOTAL SOLICITUDE. MAX I+III	117.326,14 €	**17.366,50 €**	**Presuposto Inicial Pr. I e III**	**Presuposto Final Pr. I e III**
PR. I	50,08%	8.697,75 €	30.000,00 €	38.697,75 €
PR. III	49,92%	8.668,75 €	45.000,00 €	53.668,75 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Polo tanto, as contías finais por cada Programa son as seguintes:

TOTAL CRÉDITO PROGRAMA I	38.697,75 €
TOTAL CRÉDITO PROGRAMA II	2.000,00 €
TOTAL CRÉDITO PROGRAMA III	53.668,75 €
TOTAL CRÉDITO PROGRAMA IV	5.633,50 €
TOTAL CRÉDITO NOS 4 PROGRAMAS	100.000,00 €

IV. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociación, e concretamente en algúns dos epígrafes previstos *(*Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas*)* cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava (do 1 ao 10 de agosto de 2026).

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria.

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2ª).

f) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

g) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

h) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 10ª e aprobada como modelo oficial.

V. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrencia competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

A cláusula décimo primeira das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: *(Nos supostos nos que as entidades non acrediten estes datos, tomamos como referencias os datos que obran no Rexistro Municipal de Asociacións)*

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 94	5
Ano 95 a 2001	4
Ano 2002 a 2008	3
Ano 2009 a 2015	2
Ano 2016 a 2022	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:

Programa I: **Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

1 actividade: 2 punto
2 actividades: 1 puntos
3 actividades: 0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
  Si: 2 puntos
  Non: 0 puntos

Programa II: **Gastos de organización de xogos populares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

  - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):
    Nunha 1 edición anterior: 2 puntos
    En 2 edicións anteriores: 4 puntos
    En 3 edicións anteriores: 6 puntos
    En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos

  - Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):
    Máis de 40 edicións: 1 punto
    Máis de 45 edicións: 2 puntos
    Máis de 50 edicións: 3 puntos
    Máis de 55 edicións: 4 puntos
    Máis de 60 edicións: 5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):
  1 día: 2 puntos
  2 días : 4 puntos
  3 días : 6 puntos
  4 ou mais días: 8 puntos

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:
  Máis de 5 entidades: 5 puntos
  Máis de 10 entidades: 10 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
  Si: 2 puntos
  Non: 0 puntos

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

  - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 ou mais edicións anteriores:	2 puntos

  - Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Nova publicación:	1 punto
Máis de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos:	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):
  Si: 5 puntos
  Non: 0 puntos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

Programa IV: Gastos derivados do alugueiro de local social (base impoñible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

- Representatividade e área de influencia.- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios Ata 500 socios 1
De 501 a 1000 socios 2
De 1001 a 1500 socios 3
De 1501 a 2000 socios 4
Mais de 2000 socios 5

- Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):

Ata 3 meses: 2 puntos
Ata 6 meses: 4 puntos
Ata 9 meses: 6 puntos
Ata 12 meses: 8 puntos

B) O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):

1-10 actividades: 2 puntos
11-20 actividades: 4 puntos
21-30 actividades: 6 puntos
Máis de 31 actividades: 8 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos *(cando na totalidade das actividades se empregue o idioma galego)*
Non: 0 puntos *(cando en ningunha das actividades se empregue o galego)*
Parcial: 1 puntos (cando en mais da metade das actividades previstas se empregue o galego)

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto**.- Ata 5 puntos

De 1 € a 2.000 €: 1 punto
De 2.001 a 3.000 €: 2 puntos

S.ord. 06/11/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

De 3.001 a 4.000 €: 3 puntos
De 4.001 a 5.000 €: 4 puntos
De 5.001 en adiante: 5 puntos

A concelleira delegada de Área, conforme ao establecido no apartado 12ª das bases da convocatoria resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, órgano colexiado baixo a presidencia do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, que, en xuntanza de data, segundo sinatura dixital que consta no expediente, procederon conforme á información e documentación obrante no expediente, a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, de acordo aos criterios de valoración:

Constituída a Comisión, procedeuse ó estudo e valoración das solicitudes de subvención recibidas, co seguinte resultado:

ANÁLISE DOS PROXECTOS E CONCEPTOS SOLICITADOS

1.- Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, e conforme á Base 6ª "Compatibilidade de Subvencións" *(**Non serán obxecto de subvención**, nin se terán en conta a hora de cuantificar os custes derivados da organización dos eventos ou proxectos, a**queles que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente**, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo)* , apreciase que a entidade, que se indica a continuación, achega inicialmente o **ANEXO V**. "**DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS"** onde declaran outras axudas solicitadas para o mesmos proxectos no Concello.

Posteriormente, a entidade achega emenda facendo constar que non se considera o mesmo proxecto e polo tanto non incorre en incompatibilidade:

	CIF	ENTIDADE	Base 5ª: Compatibilidade Subvencións
10	G36633030	ASOC. CULTURAL FESTAS CONSOLACIÓN COIA	7.10.2026 (doc: 260275708): A entidade achega aclaración e declara non ter outras axudas solicitadas para o mesmo proxecto

2.- Respecto co **criterio a) de antigüidade da entidade**, apreciase diferenzas entre o declarado polas entidades que se detallan a continuación respecto da data de antigüidade que consta no Rexistro Municipal de Asociación.

A comisión de valoración, acordou tomar como referencia a data que consta no Rexistro Municipal de Asociacións, a cal, correspondese coa data de inscrición obrigatoria das entidades no Rexistro provincial, autonómico ou estatal correspondente (art.10 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación: "*Las asociaciones reguladas en la presente Ley deberán inscribirse en el correspondiente Registro, a los solos efectos de publicidad.)*

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.-
Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/11/2026 14:25:36
Documento asinado

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

	CIF	ENTIDADE	DATA REXISTRO RMA
1	G72936107	ASOC. CULTURAL IRMANDADE FESTAS DE STA CRISTINA DE LAVADORES	2022
4	G-36837425	ASOC CULTURAL HERMANDAD DE FIESTAS SANTA MARINA DE CABRAL	1974
8	G36634137	UNIÓN MUSICAL DE CORUXO	1987
9	G-36954162	ASOC IRMANDADE DE NOSA SRA DAS NEVES DE MATAMA: 2005	2005
10	G36633030	ASOC. CULTURAL FESTAS CONSOLACIÓN COIA	1985
19	G-36755015	ASOCIACIÓN FESTAS SAN SEBASTIAN DE CORUXO	1992
22	G36723229	ASOC. DE LA SDAD. DE FIESTAS VIRXE DO CARME	1991
31	G-36627495	CENTRO RECREATIVO ARTISTICO E CULTURAL DE CORUXO: 1987	1987
32	G36790228	ASOC COMISIÓN DE FIESTAS VIRXEN DOS AFLIXIDOS ZAMANS	1995

Respecto do proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados no baremo que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración.

O importe da subvención resultante para cada unha das entidades beneficiarias. está determinada polas seguintes fórmulas:

- Contía da subvención=Puntos obtidos no programa x valor punto
- Valor punto= presuposto total (€)/Total de puntos obtidos por programación

En ningún caso, o importe da subvención pode superar ao importe máximo subvencionable en cada programa.

Con carácter xeral, a concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria destinada para tal fin no presente exercicio.

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** distribuídos, do seguinte xeito:

S.ord. 06/11/2026

